

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0633	Técnicas de hixiene facial e corporal	2023/2024	7	186	223

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROCÍO HERMIDA GÓMEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta Programación vai dirixida o alumnado do ciclo formativo de grao medio de estética, pertencente a familia profesional de Imaxe persoal, que se desenvolve nun centro de Ensinanza Secundaria e Bacharelato da comunidade autónoma galega, situado en Bueu. Neste centro impártense ademais, bacharelato, EPA para adultos e FPBásica.

O número de alumnado de cada grupo dependerá das características pedagóxico-didácticas, e das posibilidades das instalacións e dos recursos de cada ciclo e de cada centro en particular. Excepcionalmente, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que corresponda poderá modificar o límite establecido. Este módulo, relaciónase directamente con outros módulos do ciclo, como por exemplo: anatomía, cosmetoloxía, ect

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A pel e técnicas de exploración	Estudo da pel e técnicas de exploración	20	10
2	Hixiene, desinfección e esterilización	Hixiene, desinfección e esterilización	15	20
3	Técnicas de desmaquillado e exfoliación da pel.	Operacións técnicas de desmaquillado e exfoliación da pel.	20	15
4	Masaxe facial e corporal.	Estudo da masaxe facial e corporal.	68	20
5	Execución de técnicas de hixiene facial e corporal.	Execución de técnicas de hixiene facial e corporal integrando dosméticos e medios técnicos e manuais, asesorando a clientela. corporal	88	25
6	Criterios de Calidade.	Criterios de calidade.	12	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A pel e técnicas de exploración	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica o tipo de pel, aplicando técnicas de exploración, e rexistra os datos obtidos	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Preparouse o espazo de traballo e os utensilios, os aparellos e os materiais necesarios para os procesos de hixiene facial e corporal
CA1.1.1 Preparouse o espazo de traballo e necesarios para os procesos de hixiene facial e corporal
CA1.1.2 Preparouse os utensilios, os aparellos e os materiais necesarios para os procesos de hixiene facial e corporal
CA1.2 Identificáronse as fases de atención á clientela segundo os protocolos establecidos
CA1.3 Acomodouse e protexeuse o modelo na posición anatómica axeitada en condicións de seguridade e benestar
CA1.4 Realizouse unha entrevista ou un cuestionario para recoller datos de interese como hábitos de vida, cosméticos utilizados, reaccións ao sol e aos axentes climáticos, etc
CA1.5 Identificáronse os equipamentos, os métodos e as técnicas de exploración para realizar o estudo da pel
CA1.6 Precisarópanse os factores internos e externos que determinan o estado da pel
CA1.7 Identificáronse as alteracións da pel que influen nos procesos de hixiene facial e corporal
CA1.8 Valoráronse as alteracións da pel que son obxecto de tratamento por diferentes profesionais
CA1.9 Utilizáronse os medios e os aparellos de diagnóstico para observar o estado da pel e posibles alteracións
CA1.10 Identificouse o tipo de pel segundo parámetros como a emulsión epicutánea, o grosor da pel, a vascularización, etc
CA1.11 Rexistráronse os datos obtidos na ficha técnica
CA1.12 Realizouse o diagnóstico profesional, a partir da análise e a da valoración dos datos obtidos

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
tipos pel
Execución de protocolos de atención á clientela.
Preparación do espazo de traballo: utensilios, aparellos, etc.
Medidas de protección do persoal e das persoas usuarias.

**Contidos**

Protocolo de actuación na identificación da tipoloxía cutánea.

Alteracións da pel e os seus anexos con repercusión nos procesos de hixiene facial e corporal: identificación.

Aparellos empregados na análise da pel: pautas de selección; aplicación.

Procedementos de análise da pel facial e corporal: execución práctica.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Hixiene, desinfección e esterilización	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Establece a técnica de hixiene máis axeitada valorando as necesidades da persoa usuaria, as características, e as condicións da pel, para o que selecciona cosméticos, equipamentos e utensilios	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as necesidades da persoa usuaria para adecuar as técnicas de hixiene facial e corporal
CA2.2 Analizáronse as fases dun proceso de hixiene facial ou corporal
CA2.3 Xustificouse a técnica de hixiene elixida a secuencia do proceso
CA2.4 Desinfectáronse e/ou esterilizáronse os utensilios, os materiais e os accesorios segundo o contaminante e as súas características
CA2.5 Identifícanse e seleccionáronse os cosméticos que se vaian empregar na hixiene facial ou corporal, en función do tipo e do estado da pel
CA2.6 Identifícanse e seleccionáronse os aparellos, os utensilios e os materiais axeitados para a realización da hixiene facial e/ou corporal
CA2.7 Dispuxéronse os materiais, os cosméticos, os utensilios e os aparellos de xeito ordenado para facilitar a súa utilización
CA2.8 Revisáronse os aparellos que se vaian empregar, e verificouse que se achen en óptimas condicións de seguridade e hixiene

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Cosmética específica para a hixiene facial e corporal: criterios de selección.
Aparellos, utensilios e materiais específicos para a hixiene facial e corporal: criterios de selección e aplicación.
Mantemento de equipamentos e utensilios.
Hixiene, desinfección e esterilización: selección e execución técnica.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Técnicas de desmaquillado e exfoliación da pel.	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza as operacións técnicas de desmaquillaxe e exfoliación mecánica e/ou química, seguindo as indicacións e as pautas de utilización de cosméticos e aparellos específicos	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense as fases de desmaquillaxe e exfoliación da pel, en relación cos produtos e os aparellos que se vaian utilizar
CA3.2 Desmaquillouse a área periocular, as pestanas e os beizos coas técnicas e os cosméticos máis adecuados ás características e á sensibilidade da zona
CA3.3 Desmaquillouse o rostro, o pescozo e o escote cos cosméticos específicos, adaptando as manobras á zona
CA3.4 Elixíuse o cosmético exfoliante axeitado, en función das características e do estado da pel
CA3.5 Aplicouse e retirouse o cosmético exfoliante con técnicas manuais segundo a súa forma cosmética as instrucións de fábrica
CA3.6 Realizouse a exfoliación con aparellos de efecto mecánico, segundo as súas indicacións e as súas pautas de utilización

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Cosméticos desmaquillantes: pautas de preparación, manipulación, aplicación e conservación.
Cosméticos exfoliantes: pautas de preparación, manipulación, aplicación e conservación.
Aparellos específicos para a exfoliación (cepillos e peeling ultrasónico): pautas para a súa utilización; aplicación.
Desmaquillaxe: descrición das fases; procedemento.
Exfoliación: descrición das fases; procedemento.
Aplicación de normas de seguridade, hixiene e saúde nos procesos de desmaquillaxe e exfoliación.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Masaxe facial e corporal.	68

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica manobras de masaxe estética específica adaptando os parámetros ás características de cada zona e aos efectos pretendidos	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Verifícase que non existan alteracións na zona que se vaia tratar, que desaconsellen a realización de técnicas de masaxe
CA4.2 Descríbense as manobras de masaxe estética axeitadas aos procesos de hixiene facial e corporal
CA4.3 Preparouse a pel e aplicouse o produto axeitado para realizar a masaxe
CA4.4 Seleccionáronse as manobras de masaxe estética, para os procesos de hixiene facial e corporal, segundo o estado da pel da clientela
CA4.5 Aplicáronse as manobras de masaxe estética específica de xeito secuenciado
CA4.6 Adaptáronse as mans segundo a rexión anatómica que se trate
CA4.7 Axustáronse os parámetros de tempo, ritmo, intensidade e dirección aos efectos pretendidos e ás características da pel
CA4.8 Mantívose o contacto coa pel da persoa usuaria durante a aplicación da masaxe

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Introdución á masaxe estética. Concepto de masaxe. Zonas e rexións anatómicas de aplicación. Efectos, indicacións e contraindicacións.
Masaxe facial aplicada aos procesos de hixiene facial. Manobras básicas da masaxe estética facial: efectos, indicacións e contraindicacións.
Masaxe corporal aplicada aos procesos de hixiene corporal. Manobras básicas da masaxe estética corporal: efectos, indicacións e contraindicacións.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Execución de técnicas de hixiene facial e corporal.	88

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Executa técnicas de hixiene facial e corporal integrando cosméticos e medios técnicos e manuais, e asesora a persoa usuaria sobre hábitos de hixiene, cosméticos máis axeitados e pautas de utilización	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Seleccionáronse as técnicas de hixiene facial e corporal de acordo coas necesidades e as demandas da persoa usuaria
CA5.2 Informouse a persoa usuaria acerca das fases do proceso de hixiene facial ou corporal que se lle vaian aplicar
CA5.3 Preparouse a pel coas técnicas específicas, os cosméticos, os aparellos de calor seca ou húmida e a masaxe para facilitar a súa hixiene, segundo as súas características e as súas necesidades
CA5.4 Realizouse a extracción de espiñas (nos casos que cumpra) cos produtos, os utensilios e os medios axeitados ás condicións e ao estado da pel, extremando as medidas de hixiene
CA5.5 Aplicáronse axeitadamente os cosméticos e os aparellos nos procesos de hixiene facial e corporal, segundo as características e a sensibilidade da persoa usuaria e as especificacións de fábrica
CA5.6 Finalizouse no tempo apropiado o tratamento de hixiene facial e corporal, utilizando as técnicas axeitadas para relaxar, calmar, hidratar e protexer
CA5.7 Utilizáronse medidas de hixiene e equipamentos de protección persoal en todo o proceso
CA5.8 Realizouse o asesoramento posterior ao tratamento referente aos cosméticos e ás pautas de hixiene en distintos estados fisiolóxicos
CA5.9 Efectuouse o asesoramento acerca da importancia dos hábitos de vida saudable e a súa influencia no estado da pel
CA5.10 Rexistráronse na ficha técnica da persoa usuaria os cosméticos e as técnicas empregadas, así como as posibles incidencias, para mellorar posteriores traballos

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Fases do proceso de hixiene facial e/ou corporal: organización e selección.
Aparellos con aplicación nos procesos de hixiene facial e corporal: vapor, lámpada de infravermellos, ventosas, pulverizacións frías e aparellos emisores de corrente de alta frecuencia. Pautas para a súa correcta utilización.
Aplicación de cosméticos nos procesos de hixiene facial e corporal.
Procedementos para a realización de técnicas de hixiene facial e corporal.
Aplicación de normas de seguridade, hixiene e saúde nos procesos de hixiene facial e corporal.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Criterios de Calidade.	12

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Valora os resultados obtidos aplicando criterios de calidade	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Determináronse os criterios que definen un servizo óptimo de hixiene facial e corporal
CA6.2 Identificáronse as principais causas que poden dar lugar a deficiencias nas técnicas de hixiene facial e corporal
CA6.3 Valoráronse os resultados obtidos
CA6.4 Aplicáronse técnicas para detectar o grao de satisfacción nos procesos de hixiene facial e corporal
CA6.5 Identificáronse as posibles medidas de corrección

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Control de calidade dos procesos de hixiene facial e corporal.
Grao de satisfacción nos procesos de hixiene facial e corporal.
Medidas correctoras para presumibles desviacións no resultado obtido.
Asesoramento de cosméticos de uso persoal no domicilio.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles ou criterios de avaliación están recollidos en cada una das unidades didácticas

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Todas as actividades desenvolvidas axustaranse ós seguintes parámetros:

-Os alumnos traerán modelos cando a profesora o crea necesario..

-Esixiráselle ó alumnado traballar entre eles, clientela...e cambiar de parella cando a profesora así o crea necesario. Se algún alumnado non quere que se practique nel terá que traer o seu modelo para a realización dos traballos na aula.

- É deber do alumno asistir a clase con puntualidades e co material preciso en perfecto estado de conservación e hixiene (Art.7 apartado h. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. DOG Xullo 2011)

-É deber do alumnado seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e a-prendizaxe (Art.7 apartado g. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da co-munidade educativa. DOG Xullo 2011).

-A cualificación final do módulo será a nota obtida na última avaliación xa que o aplicar a avaliación continua as probas suspensas recuperanse o longo das seguintes avaliacións.

-A asistencia a clase será obrigatoria, segundo se recolle na lexislación, así como a realización das prácticas programadas.

-

- É requisito indispensable elaborar na práctica al menos 9 traballos prácticos hixienes faciais en diferentes tipos de pel. Ademais realizarán como mínimo 4 hixienes corporais en diferentes supostos.

- Valorase a adquisición dos contidos teóricos mínimos do modulo a través de probas escritas e traballos realizados.

Cada unha das partes recibirán unha nota entre 0 e 10.

A cualificación final será un número enteiro do 1 ao 10 , resultando de redondear os resultados obtidos. Considerandose aprobados aqueles alumnos/as que obteñan una cualificación igual ou superior a 5.

Os porcentaxes cos que se formará a nota final será :

Exames ou probas teóricas .Puntuación de 0 a 10. Ponderación 20%

Probas prácticas e actividades prácticas de aula . Puntuación de 0 a 10. Ponderación

80 %

Para poder facer media entre elas, terán que estar aprobadas con un 5 cada parte

Aínda que a avaliación é continua deberase recuperar os criterios mínimos exigibles non aprobados. É dicir que non cheguen a nota de 5.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

##### DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos exigibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.

- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior difi cultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De todas as probas que se suspendan, farase una recuperación ao longo da avaliación seguinte.

#### MÓDULO NON SUPERADO

- Módulo non superado na terceira avaliación: neste caso deixarase entre a terceira avaliación e a avaliación final de módulos de curso un período destinado á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes. Elaborase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación e a súa temporalización.
- O alumno/a pasa de curso co módulo pendente , elaborase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe. O alumnado será informado ó inicio de curso das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización , temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2ª curso.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas acade o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas

O alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulo e a cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do módulo. Esta proba poderá abarcar a totalidade da materia vista durante o curso tanto teórica como práctica.

A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Será una proba teórico-práctica:

Duración: 3 horas

Contido da proba:

- Proba escrita 30% do valor da nota
- Proba práctica:70% do valor da nota.

Para facer unha media deberá ter o mínimo dun 4 para poder facer a media

- Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos e modelos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idóneas.
- Realización duha hixiene facial con extracción .
- Realización dunha hixiene corporal incorporando aparatoloxía.

Será requisito indispensable superar a proba escrita para realizar a continuación a proba práctica.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realizar a proba e o material necesario.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Realización dun cuestionario tipo de autoavaliación do departamento de Imaxe Persoal. Se realizará 1 vez cada trimestre e se tomarán as

medidas necesarias.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizaranse uns cuestionarios ao alumnado co fin de indagar nos coñecementos que teñen a nivel xeral. Observaranse na aula e no taller as súas actitudes e aptitudes nas primeiras semanas do curso. Posteriormente xuntarase o equipo docente para a posta en común das informacións acadadas de cada alumna/o, e facer posible a avaliación inicial.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dentro do grupo pode haber alumnado que non consegue os obxectivos das actividades ou, polo contrario que alcancen sobradamente os obxectivos previstos.

En ambos casos prantexaranse alternativas como ofrecer para cada actividade tres posibilidades:

- Unha actividade común para todo o alumnado co fin de asimilar os contidos mínimos.
- Unha actividade mais complexa para o alumnado que accede os obxectivos previstos onde de profundice nos coñecementos adquiridos.
- Unha actividade máis sinxela cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumno que non accede os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento mais cercano do profesor co alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

- Educación para a saúde. É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e ó longo de tódolo curso. O coñecemento do corpo, dos seus órganos e sistemas é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas.

É moi importante cando estudiamos recalcar o tema de adoptar posturas correctas para previr lesións na columna vertebral, varices, etc.

Tamén é importante destacar os beneficios do exercicio físico: o noso sistema locomotor precisa exercicio para que as articulacións se traballen correctamente.

Incidirase na importancia da alimentación á hora de ter un pelo e pel saudables.

- Educación do consumidor. Pretendemos a responsabilidade dos alumnos como consumidores. Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos e debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.
- Educación para a igualdade. Dende calquera tema se pode traballar esta transversal, procurando empregar sempre unha linguaxe, oral e escrita, non discriminatoria e tomando medidas de acción positiva necesarias para introduci-la dimensión de igualdade.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Seguimento das novas publicacións, como libros, revistas, etc.
- Visitas a exposicións, ferias, congresos, etc. de tipo profesional e cultural.
- Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías, etc.

- Demostracións por parte do alumnado noutros centros.
- Realizar algún curso de actualización profesional por parte dalgunha casa comercial ou outros profesionais.
- Realización dalgún cursiño sobre temas profesionais como cor, unllas, cortes, etc.
- Realización de prácticas fóra do centro educativo, noutros organismos públicos en horas lectivas nos días que se considere oportuno.
- Elaboración de proxectos, materiais, etc. para a súa aplicación no desfile de Perrucaría e Estética que realizarán os alumnos deste departamento.
- Visita a distintos medios de comunicación: televisión, radio, etc.
- Visita a balnearios, fábricas de cosméticos, etc.

## 10. Outros apartados

### 10.1) aula virtual

No caso de haber algún alumnado que non poida asistir as clases por algun problema médico o material estará na aula virtual